



TABOLEIRO DE EDICTOS

Asunto: Proxecto de expropiación polo procedemento de taxación conxunta para a execución de planeamento: Sistema xeral viario SX-VI/AU02 e terreos fóra de aliñacións (rúa Castro Chané). Expediente 2022/U040/000002. **Aprobación definitiva e convocatoria.**

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria que tivo lugar o 25 de marzo de 2024, acordou aprobar definitivamente o proxecto de expropiación forzosa para a obtención dos terreos do sistema xeral SX-VI/AU02, previsto no PXOM vixente, polo procedemento de taxación conxunta, segundo o documento presentado o 30/11/2023 pola entidade Estudio Técnico Gallego, S.A. e asinado polo arquitecto Isidro López Yañez (col. nº 2261 COAG).

No mesmo acordo resólvense as alegacións presentadas; apróbase a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados pola sistema xeral previsto; confíreselles un prazo de 20 días ás persoas interesadas titulares dos bens e dereitos expropiados para que poidan manifestar por escrito ao órgano expropiante a súa desconformidade coa valoración establecida no expediente aprobado e apróbase a seguinte relación de bens e dereitos afectados:

Finca	Referencia catastral	Titular	Superficie Total (m²)	Superficie Afectada (m²)	Clasificación urbanística	Situación básica do solo	Outros bens afectados	
1	5859928NH2855N0001LM	Manuel Outeiro Barreiro	489	203	Solo urbano consolidado-residencial extensiva vivenda familiar en Carballo. Acaroada-Sistema Viario	Urbanizado		
2	5859929NH2855N0001TM	José Antonio Suárez Acebey Elisa García Vilas	384	203	Solo urbano consolidado-residencial extensiva vivenda familiar en Carballo. Acaroada-Sistema Viario	Urbanizado	1	Ud traslado portal ferro galvanizado (3*1,5 m)
							3 6	M² muro bloque
							1	Ud. traslado cancela ferro galvanizado (1,20*1,6 m)
							3	M³ muro formigón
							1	Ud. traslado contador auga
3	5859946NH2855N0001SM	M.ª Patricia Falcal Recarey Manuel Trigo Trigo	522	89	Solo urbano consolidado-residencial extensiva vivenda familiar en Carballo. Acaroada-Sistema Viario	Urbanizado		

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



Así mesmo, segundo o disposto no punto noveno deste acordo e de conformidade co previsto no artigo 293.10 e 293.11 do regulamento da Lei do solo de Galicia (Decreto 143/2016), CONVÓCASE aos titulares de bens e dereitos afectados:

- O día 25 **de abril de 2024 ás 11.00 horas** na Casa Consistorial do Concello de Carballo para efectuar o pagamento da valoración establecida e o levantamento das actas de ocupación dos bens e dereitos a expropiar.

Carballo, 5 de abril de 2024 (asinado dixitalmente ao marxe)

O alcalde
Evencio Ferrero Rodríguez